

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 28 de xuño de 2021 de incremento do crédito previsto na Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209H).

Con data 8 de febreiro de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, tramitada como anticipado de gasto.

O financiamento da convocatoria concédese con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, código de proxecto 201600293, inicialmente por un importe máximo de 300.000 €, nunha única anualidade 2021.

O artigo 3.4 das bases reguladoras establece que os importes consignados, así como as aplicacións a que se imputen, poderán ser ampliados en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes. Todo iso segundo o disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Debido a que o crédito previsto na citada orde non resulta suficiente para atender todas as solicitudes cuxo obxecto é susceptible de subvención, e dada a circunstancia de que existen remanentes doutras convocatorias na mesma aplicación orzamentaria con cargo á cal se financia a convocatoria e se cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras, existe crédito dispoñible que fai posible considerar o incremento do dito crédito co obxecto de facer o máis extenso posible o impulso das actuacións que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción, contribuíndo á mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, polo que con



este incremento de crédito se poderán atender a todas as solicitudes que cumpren cos requisitos de subvencionalidade.

Estas axudas fináncianse con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e están suxeitas ao réxime de minimis, segundo o establecido no Regulamento (UE) 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura.

Por todo o exposto e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Incremento de crédito*

Con base no artigo 30.2.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acórdase ampliar o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños, tramitada como anticipado de gasto.

O importe total do citado incremento é de vinte e dous mil cincocentos euros (22.500,00 €), consignado na aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, código de proxecto 201600293. Queda o crédito destinado a estas axudas por un importe máximo total de trescentos vinte e dous mil cincocentos euros (322.500,00 €), nunha única anualidade 2021. O dito incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito.

A publicación desta orde non supón apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

CVE-DOG: kqw6vh50-qa07-pbf6-2fj7-hkrc92zfcfe9

